

CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL 2015

Organiza: Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CPI San Sadurniño

Colabora: CPI e ANPA de SAN SADURNIÑO

B A S E S

TEMA: Debuxo sobre o Nadal.

PARTICIPANTES: Alumno/as de Educación Infantil, Educación Primaria e alumnado de Educación Secundaria.

MODALIDADE: Rotulador, pluma, pintura, cera, acuarelas, colage...

FORMATO: Cartolina (facilitarase). Tamaños: A4 (enteira ou dobrada). Figurando no anverso da mesma: nome, apelido e curso do participante.

NÚMERO DE TRABALLOS: Os traballos serán orixinais e realizados individualmente. Cada participante poderá presentar tantos como desexe.

ENTREGA DE TARXETAS: Ata ás 14 horas do día 11 de decembro de 2015. Serán expostas no corredor correspondente á aula en Primaria. As tarxetas de Educación Secundaria no recibidor do Centro de ESO.

PREMIOS: Haberá dous premios individuais por clase en E. Primaria, catro premios en E. Secundaria. En educación infantil, os premios serán colectivos.

Farase a entrega dos mesmos o día da celebración do Nadal ou algún día anterior nas clases.

De todos os premiados elixirase unha tarxeta para felicitar a toda a Comunidade Educativa.

XURADO: Está constituído por membros do Equipo de Dinamización da Lingua e profesores de Educación Plástica.

O fallo do xurado, que será inapelable, emitirase o día 15 de decembro. Nos días previos a esta data os traballos serán expostos ó público nos corredores do Centro. O xurado resérvase o dereito de descalificar calquera traballo que, ao seu xuízo, fose realizado por unha persoa diferente ao concursante, empregouse a técnica de calco ou non reunise as condicións sinaladas nestas bases.

Os traballos gañadores quedarán en propiedade do Colexio e poderán ser publicados. Un deles escollerase para felicitar o Nadal á Comunidade Escolar.

O feito de participar neste concurso conleva a aceptación de todos e cada un dos puntos destas bases.

San Sadurniño, 24 de novembro de 2015.